



## BASES DO II CONCURSO DE ESPANTALLOS

### ***Lema: Os gardiáns das hortas***

#### PRIMEIRO

Poden participar persoas residentes ou non en Valdeorras, sen límite de idade.

#### SEGUNDO

Só se pode presentar un espantallo por concursante.

#### TERCEIRO

O tamaño do espantallo non pode ser inferior a 1 metro nin superior a 2 metros. Levará un pau de madeira como soporte con punta para poder ser cravado na terra. Os nenos entre 5 e 10 anos poderán participar de forma individual con bonecos de 30 a 50 cm e non precisarán soporte algún. Neste caso non se establece premio en metálico e para os 1º, 2º e 3º premios farase entrega dun agasallo e un lote de libros.

#### CUARTO

Os materiais deberán ser naturais e reciclables. Non poderán utilizarse plásticos, colorantes, nin substancias tóxicas que poidan prexudicar a flora ou a fauna. Tampouco poderá utilizarse roupa nova nin disfraces mercados en tenda.

#### QUINTO

Pódense incorporar letreiros con lendas alusivas ao tema, pero que non conteñan frases de índole político ou que atenten a imaxe ou a dignidade das persoas.

#### SEXTO

O transporte dos espantallos ata os xardíns da Casa Grande será por conta do concursante.

#### SÉTIMO

As obras presentadas pasarán a ser propiedade do IEV, entidade que previos os correspondentes permisos, colocará ao longo no Camiño de Inverno, colocándolle un cartel co nome e apelidos do seu autor. Se o número de espantallos presentados o permitise, o IEV situaría algún deles en lugares nos que poidan ser admirados polos nenos, tales como centros escolares, parques e xardíns.

#### OITAVO

O IEV resérvase o dereito de reprodución de fotos, vídeos ou calquera outro medio, dos traballos premiados.

#### NOVENO

O transporte e colocación dos espantallos desde a Casa Grande ata o Camiño de Inverno ou parques e xardíns, correrá por conta do IEV.

#### DÉCIMO

Establécense os seguintes premios: un 1º de 500 €, un 2º de 300€ e un 3º de 200€.



UNDÉCIMO

O xurado estará formado por tres persoas cualificadas e o seu veredicto será inapelable.

DOUDÉCIMO.

O prazo de recepción de espantallos remata o 25 de febreiro.

O Barco de Valdeorras, a día nove de outubro de 2025